

SALA DE PROFESORES

[Das Lehrerzimmer, Ilker Çatak
2023, Alemaña, 96 min., VOSE, +7]

Lingua **Alemán, polaco, inglés, turco**

Dirección **Ilker Çatak**

Guión **Johannes Duncker, Ilker Çatak**

Fotografía **Judith Kaufmann**

Montaxe **Gesa Jäger**

Son **Torsten Többen, Kirsten Kunhardt, Michael Hinreiner**

Elenco **Leonie Benesch, Leonard Stettinisch, Eva Löbau, Michael Klammer,**

Anne-Kathrin Gummich

Produtora **if... Productions Film, Zweites Deutsches Fernsehen (ZDF), Arte**

Distribución **A Contracorriente**

Carla Nowak, unha idealista profesora de matemáticas e deportes, comeza o seu primeiro traballo nunha escola de secundaria. Cando se producen unha serie de roubos na escola e as sospeitas recaen nun dos seus alumnos, decide chegar ao fondo do asunto pola súa conta. Carla intenta mediar entre familias indignadas, colegas obstinados e a agresividade do estudiantado, pero enfróntase ás implacables estruturas do sistema escolar.

VINDEIRAS SESIÓNS

Martes 17 **O MAL NON EXISTE**

(Ryūsuke Hamaguchi, 2023, Xapón, 106 min., VOSE)

Luns 23 **RETRATOS FANTASMA**

(Kleber Mendonça Filho, 2023, Brasil, 93 min., VOSE)

Martes 24 **O CEO VERMELLO**

(Christian Petzold, 2023, Alemaña, 102 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



SALA DE PROFESORES

ILKER ÇATAK

CINECLUBE PONTEVEDRA

FS #214

10.9.2024

ENTREVISTA A **ILKER ÇATAK**

Escribiu *Sala de profesores* co seu amigo e habitual colaborador Johannes Duncker. De onde xurdiu a idea? Nos meus filmes adoito basearme máis ou menos en feitos reais. Johannes e mais eu fomos xuntos ao instituto. Cando tiñamos 14 ou 15 anos tres empregados do centro entraron na nosa clase e rexistraron as mochilas do alumnado. Daquela non o cuestionamos porque non eramos conscientes dos nosos dereitos. Non era coma hoxe, que un pequeno incidente pode converterse nun asunto enorme a través dun grupo de WhatsApp. Nós esquecemos por completo o que pasou. Un día, Johannes e mais eu fomos de sendeirismo e contoume unha historia sobre a súa irmá, que é profesora de matemáticas: tiña problemas porque alguén roubaba no seu instituto. Entón lembramos o que nos ocorrera a nós. A partir de aí, comezamos a imaxinar como se envelenaría un centro educativo se houbera unha acusación. Servíanos tamén para falarmos de prexuízos e doutros asuntos.

A escola en que se desenvolve o filme semella un microcosmos da sociedade en xeral. Calquera escola serve de modelo para representar a sociedade no seu conxunto. Visitamos diferentes escolas. Cada unha coa súa propia política, aínda que estean na mesma cidade. Investigamos moito: hai centros moi liberais e escolas que manteñen a lei e a orde, con tolerancia cero. Existe un xefe de Estado con poder, que sería o director, e persoas a cargo que poden estar aliñadas con el ou non. Por outra banda, está a poboación, que sería o estudantado. E mesmo os medios de comunicación, representados a través dos xornais escolares. Todos estes elementos permiten contar o grande a través do pequeno.

Captou moi ben como funcionan os medios. É unha mocidade idealista, que ten os seus propios intereses e conta o que lle convén, e tamén quere queimar a escola. Teñen que facer ruído para que a xente adulta escoite. En canto aos medios, preocúpanme as *fake news* e as interpretacións alternativas, agora tan desgraciadamente en voga. O mundo é un caos. O xornalismo sufriu moitísimo. Non parece importar xa a verdade, cadaquén inventa a súa propia. Durante a pandemia, todo o mundo buscaba fontes para concluír se tiñamos que utilizar máscaras ou non. Ao final, a verdade convertíase nunha cuestión de crenza. Twitter é como unha guerra. Todo o mundo trata de ter razón, polo que non existe vontade de entendemento ou consenso.

Por que decidiu incluír as metáforas matemáticas? No mundo das matemáticas non está claro aínda o problema que se presenta na primeira escena. É 0,9 periódico similar a 1? Se se trata de dous números diferentes, existe un terceiro número

entre ambos pero é difícil demostralo. Creamos todo este filme sobre ese número indeterminado, unha zona gris que pode mudar as cousas. O final aberto tamén reflicte a dificultade para resolver algúns problemas na vida, como ocorre adoito en matemáticas.

Utiliza o formato 4:3 para acentuar a idea de espazo pechado? Traballo con Judith Kauffmann, para min a mellor directora de fotografía de Alemaña. Ela nunca trata de crear a mellor imaxe, senón que sempre pensa desde unha perspectiva creativa para contar mellor a historia. Facemos probas e logo vémolos en pantalla grande. Pensamos que este formato era fantástico para o filme porque lembra a sensación de Polaroid de cando nós iamos á escola e é un bo formato para illar os personaxes. Ao final estás buscando maneiras de manter fresca a mirada e ningún dos dous traballamos nunca neste formato, así tiñamos que mirar a imaxe dun xeito distinto.

Como foi o traballo con Leonie Benesch, que dá vida á profesora protagonista? Impactoume cando a vin en 2009 en *A cinta branca*, de Michael Haneke. Cando escribíamos o papel, xa pensabamos nela. Parecíame moi importante que a actriz puidese ruborizarse, que é algo moi complicado, mais ela podía facelo. Ademais, paréceme moi natural, non dá a impresión de que intente demostrar as súas habilidades para a actuación, simplemente fai crible a escena. Traballar con ela foi unha grata experiencia. Apenas precisaba indicacións. Lograba o que quería á primeira.

Vostede é de orixe turca, hai experiencias propias que vivise na escola e que agora estean no filme? Hai moitas cousas sobre min neste filme. Evidentemente medrei coma un neno de pel escura entre os alemáns, era o único rapaz coa pel morena na miña clase e lembro intentar ocultar a miña identidade falando dun xeito moi sofisticado só para demostrar que era un deles. É un dos motivos polos que xa non falo o meu idioma. Logo, cando medras, a policía párate sen ningún motivo. Pasas a fronteira norteamericana e lévante a unha sala con outros musulmáns. Que fixen mal? Claro que non é coincidencia que o primeiro neno que acusan nesta ficción sexa turco. E hai outras cousas. Para min o cinema é unha especie de terapia tamén.